



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Modificación da ordenanza fiscal nº 9 reguladora da taxa pola participación en talleres culturais, escolas, actividades deportivas e recreativas e utilización de instalacións deportivas municipais. Expte. 2026/G016/000001

Esta Alcaldía, conforme aos principios de boa regulación (necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia) previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas -LPACAP-, considera necesario que se proceda á modificación da ordenanza fiscal nº 9, reguladora da taxa por utilización das instalacións deportivas municipais, a fin de incorporar no artigo 3.4 o campo de fútbol de Santiago de Ois, en exercicio da potestade regulamentaria e de autoorganización que corresponde ás entidades locais en virtude do disposto na normativa vixente, en concreto, no artigo 128 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e no artigo 4.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local -LRBRL-

Consta informe-proposta de modificación da ordenanza fiscal nº 9 emitido polo técnico de deportes en data 06/07/2026, no que se acredita que o incremento das taxas proposto non supera os custos do servizo.

Consta proxecto de modificación da ordenanza fiscal nº 9 emitido polo concelleiro delegado de Deportes e da Oficina de Información Xuvenil (OMIX), Juan Carlos García Barreiro, en data 06/07/2026.

Visto que, de conformidade coa Providencia de Alcaldía de data 16/06/2026, foi emitido informe pola Secretaría en data 06/07/2026 referente ao procedemento a seguir e á Lexislación aplicable.

Consta informe de intervención emitido o 06/07/2026, en sentido favorable.

En virtude do que dispón o artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local -LRBRL-, o órgano competente para a aprobación da imposición de tributos ou modificación das ordenanzas fiscais é o pleno do concello, sendo necesario que o acordo se adopte por maioría simple dos membros presentes, de conformidade co artigo 47.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Tendo en conta a tramitación para a imposición de tributos ou modificación das Ordenanzas Fiscais prevista nos artigos 16 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais -TRLRFL-, elévase ao Pleno a seguinte proposta de acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza fiscal nº 9, reguladora da taxa por utilización das instalacións deportivas municipais, engadindo ao artigo 3.4 o apartado seguinte, coa redacción que a continuación se recolle:



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

4.3.- Campo de fútbol de Santiago de Ois

Modalidade	Entidades e clubs deportivos
<i>Uso do campo por partido</i>	75,00 €

Resto igual.

SEGUNDO.- Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expor as reclamacións que estimen oportunas.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica municipal.

TERCEIRO.- Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Coirós, a 6 de xullo de 2026.

O alcalde

Francisco Quintela Requeijo